



PROXECTO "AS AVESPAS"

CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña
Alumnado de 1º e 2º de Primaria
(grupo mixto agrupado - 12 alumn@s)

1. XUSTIFICACIÓN

Si pretendemos que o noso alumnado sexa competente para “aprender a aprender” debemos darlle as ferramentas precisas para facelo. Isto so é efectivo a través da posta en práctica de situacións nas que se vexan na necesidade de desenvolver recursos válidos para a investigación de calquera outro tema sobre os que lles poida interesar aprender.

Do mesmo xeito, si pretendemos que sexa competente lendo e escribindo é fundamental, dende o inicio da escolarización, o traballo con diferentes tipoloxías textuais. A modalidade textual elixida é a expositiva.

Ademais, nun mundo con cada vez máis información á nosa disposición, faise imperativo ensinar aos pequenos a buscala, seleccionala, comprendela, contrastala e verificala.

Para a consecución destes tres grandes obxectivos desenvolvemos este proxecto sobre “as avespas”. A elección do tema veu dada por un feito puntual, a picadura dun destes habituais pero descoñecidos animalíños a unha compañeira da clase, e a curiosidade que este espertou nos nenos e nenas, empregando os intereses do alumnado como guía da evolución do proxecto.

Este proxecto desenvolveuse ao longo do primeiro trimestre de 2014, nunha aula mixta de 1º e 2º de Primaria coa mestra titora, que é ademais coordinadora da biblioteca escolar.

1.1. Xustificación curricular detallada

EN CANTO Á METODOLOXÍA DE INVESTIGACIÓN aprenderon a traballar seguindo as distintas fases dun proxecto, directamente relacionado co bloque 1, tanto de ciencias naturais, como de ciencias sociais.

- Elección do tema de estudo
- Que sabemos? e Que queremos saber? (Ideas previas)

- Procura de fontes de información (bibliográficas, webgráficas, humanas...)
- Establecemento de obxectivos: que queremos facer e que precisamos saber para conseguilo, tanto a nivel de contidos, como a nivel formal do produto (características do texto expositivo e características do formato dun título monográfico)
- Organización do traballo
- Fase de investigación, posta en común e síntese da información
- Elaboración dun libro para uso social (produto escollido neste caso concreto). O libro pode visionarse en http://issuu.com/alicianimo/docs/libro_avespas/1
- Avaliación do traballo realizado

EN CANTO Á ALFABETIZACIÓN INFORMACIONAL, seguiuuse tamén un proceso exhaustivo:

- Determinación de obxectivos, precisos para a seguinte fase,
- Procura de fontes apropiadas: relacionado co anterior, da temática pertinente. Por suposto, distinción explícita entre libros de ficción e de consulta.
- Procura, selección e comprensión da información, demostrada a través da comunicación da información recollida aos propios compañeir@s, coas súas propias palabras.
- Contraste e verificación da mesma. Fase determinante para a elaboración dun texto expositivo rigoroso e de calidade.
- Categorización da información recollida, neste caso a través dun mapa mental.
- Síntese final: transformación da información recollida e categorizada en textos cohesionados.

EN CANTO ÁS PROPIEDADES DOS TEXTOS EXPOSITIVOS TRABALLADAS, seguindo a táboa de planificación de Myriam Nemirovsky:

- Función: adquirir coñecementos específicos sobre un ámbito ou tema
- Relación co "real": debe ser altísima, para o que é preciso o contraste e verificación das informacións.
- Léxico: o específico do tema
- Formato: apartados, índices, títulos...
- Modo de lectura: a lectura para aprender, lenta, repetida e comprensiva
- Relación imaxe-texto
- Soporte: libros especializados, formatos dixitais

EN CANTO Á XUSTIFICACIÓN RELATIVA AO CURRÍCULO OFICIAL:

Área de Ciencias da Natureza

Bloque 1: iniciación á actividade científica

Bloque 3: os seres vivos, de xeito moi exhaustivo para o requirido para estes niveis

Bloque 5: a tecnoloxía, obxectos e máquinas, xustificado no uso do ordenador de xeito consciente e continuado por parte do alumnado

Área de Ciencias Sociais:

Bloque 1: Contidos comúns. Contidos relacionados coa investigación, co manexo das TIC, co traballo en equipo, a cooperación e o diálogo, etc.

Área de Lingua Galega e Literatura:

Bloque 1: Comunicación oral, falar e escoitar. Traballo por parellas na fase de investigación, recollida de información a través de visionado de documentos, comprensión de textos orais e de informacións audiovisuais para obter información xeral sobre feitos e acontecementos, exposición ante a clase da información recollida nas postas en común, escoita activa aos compañeir@s.

Bloque 2: Comunicación escrita, ler. Imprescindible tanto a mecánica como a comprensión no proceso de investigación e na súa categorización, nun contexto significativo e motivador. Lectura de textos complexos, o que implica, ampliación de vocabulario e estratexias de comprensión, como o uso dos dicionarios.

Bloque 3: Comunicación escrita, escribir. Producción e reescritura de textos sinxelos. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos. Interese polo coidado e a presentación dos textos e respecto pola norma ortográfica.

Bloque 4: Coñecemento da lingua. Traballo por parellas e resolución de conflitos sobre cuestións relacionadas co sistema de escritura (ortografía, puntuación, separación de palabras...)

EN CANTO ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS, este proxecto contribúe ao fomento da:

- Competencia en comunicación lingüística, por todo o exposto
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, polo traballo en torno ao estudo dunha especie animal, ao proceso seguido para ese estudo, e na aplicación de conceptos matemáticos como par (pares de patas, pares de ás), ou todo o que ten que ver coas diversas medidas que competen ao estudo
- Competencia dixital, tanto polo proceso de alfabetización informacional, un dos aspectos máis importantes levados a cabo no proxecto, como polo uso de ferramentas dixitais: buscador e procesador de texto.
- Aprender a aprender, por suposto, polo mencionado anteriormente.
- Competencias sociais e cívicas, dende a perspectiva do traballo cooperativo. É precisa a achega de tod@s para a consecución do éxito do proxecto, e todo o que iso implica de escoita activa, respecto polo outro, etc.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, xa que en todo momento se promove a autonomía do alumnado e a súa iniciativa na propostas de novas liñas de traballo, novas procuras ou no emprego das distintas fontes que consideren precisas.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA

O obxecto da nosa investigación foron as avespas. Logo de picarlle unha a Valeria, unha nena da clase, comeza un intenso debate sobre as mesmas, sobre se pican ou morden, se perden o aguillón,

etc... Un debate que denota a confusión e o descoñecemento evidente sobre un pequeno animal tan presente nas nosas vidas. Pregúntolle de xeito intuitivo se lles gustaría saber algo máis sobre elas, e deste xeito tan fortuíto comeza un proxecto co que ademais de abranguer grandes coñecementos científicos, levamos a cabo un rigoroso proceso de investigación e rematamos por dotar á biblioteca do centro dun novo título. Tiñamos libros sobre moitos animais, xirafas, leóns, bolboretas... agora tamén o temos sobre as avespas. Un título con información rigorosa e contrastada que nos aporta información sobre estes animais e do que ademais nos sentimos enormemente orgulloso@s.

3. DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO. ELABORACIÓN DA PROPOSTA

O proxecto de aula conta cun recanto propio onde se vai situando toda a información e recursos precisos e obtidos ao longo da investigación. Sitúase neste recanto ademais, o ordenador de aula, sempre a disposición dos nenos e nenas para facer as procuras que crean pertinentes.


Emprégano de xeito autónomo e co único filtro da miña supervisión. Entre os nenos e nenas da aula, existen casos de acceso a equipos informáticos nos fogares sen demasiado control, xa que é unha zona de traballo no campo, na que é moi habitual que os pequenos e pequenas queden a cargo dos avós, non moi actualizados nestas lides. A escola é en moitos casos, o único laboratorio de proba controlado, no que atoparse en ocasións con contidos non apropiados que poden e deben ser explicados aos nenos e nenas, creando deste xeito unha conciencia crítica de cara a estes contidos, que será a única salvagarda que terán en momentos nos que se atopen ante os mesmos sen a supervisión dun adulto.

3.1. Elección do tema de estudo

O noso proxecto comeza en setembro, como antes mencionamos, dun xeito totalmente fortuíto e seguindo os intereses do alumnado: o tema "as avespas". Polo que a programación do mesmo vaise facendo de xeito paralelo ao desenrolo do mesmo. O tema é importante, pero gaña en importancia o proceso, polo que non deixa de ser unha mera escusa para traballar unha serie de contidos, procedementos e actitudes que os levarán a traballar unhas competencias transferenciabiles a calquera outra investigación que poidan abordar ao longo das súas vidas.

3.2. Que sabemos? e Que queremos saber? (Ideas previas)

Para recoller os listados, traballan en parellas e escriben todo aquilo que saben ou creen saber, e en outro listado, todo sobre o que teñen interese de aprender. Tras unha posta en común obtemos os listados de partida, que estiveron expostos ao longo de todo o proceso e que nos serviron como guía de avaliación. Retomáronse periodicamente para a súa revisión e ampliáronse sempre e cando xurdiron novas inquedanzas.



3.3. Procura de fontes de información (bibliográficas, webgráficas, humanas...)

Tras acordar cales poden ser as nosas fontes documentais, escribimos unha nota ás familias para pedir todo aquilo que nos poidan aportar ao respecto. De esta petición obtemos dous libros sobre animais e distintas observacións.

Por suposto, visitamos a biblioteca, lugar con moita presenza no noso centro. Alí preguntolles que onde creen que podemos buscar información sobre as avespas. A pesar de ser nenos e nenas moi pequenos, están moi acostumados ao uso da biblioteca, polo que unha vez se deciden a buscar libros sobre avespas van correndo á sección de "zooloxía" da zona documental da mesma. Xurde o primeiro interesante conflito, na biblioteca non hai libros de avespas. Polo que tras facer unha pequena reflexión conxunta, en gran grupo, deciden buscar libros de insectos. Rexistramos o préstamo de aula no Meiga e colocamos os libros escollidos na nosa sección de fontes para o proxecto de aula.



Ao longo do proxecto empregamos tamén fontes webgráficas, pero esas foron xurdindo ao longo das búsquedas efectuadas. Neste proxecto de xeito máis guiado, en próximos, de xeito máis intuitivo.

3.4. Establecemento de obxectivos:

É tamén no momento anterior onde comeza a coller forza a idea da creación dun libro monográfico sobre as avespas como produto final. Xa se comentara na aula, e ao atopar libros sobre moitos animais e non facelo sobre as avespas, a idea reforza ademais a motivación sobre a investigación.

Reflexionamos sobre a necesidade de investigar sobre distintos aspectos das avespas, o que nos dará o contido do libro, pero tamén sobre o formato do mesmo, para que sexa o máis rigoroso posible. Ambos procesos discurrirán de xeito paralelo.



3.5. Fase de investigación


Lectura das distintas fontes bibliográficas en parellas, na que deberán recoller toda aquela información que lle sexa de interese, cun único requisito, ser capaz de explicala coas súas propias palabras. O proceso coas fontes webgráficas será o mesmo.

En ambos casos, traballan sobre un formulario, no que deben recoller o tipo de fonte empregado e a súa referencia. Este feito aporta tres vantaxes, por un lado referenciamos o noso traballo, co que gaña rigorosidade, por outro, podemos continuar a procura en outro momento, e ademais, permítenos contrastar unha información que presente dúbidas.

Neste momento, xorden problemas de comprensión que son atallados cando é preciso. En ocasións estes problemas fan referencia ao descoñecemento do significado de distintas palabras, como "parasito" ou "depredador". A primeira vez que ocorreu isto fixemos unha sesión de coñecemento dos dicionarios por observación. Unha vez chegamos a diversas conclusións, aprendemos a empregarlos, para o que foi preciso elaborar un abecedario que estivese sempre visible na aula. Feito isto, recorren aos mesmos en diversas ocasións.

Ademais, teñen á súa disposición, o ordenador e empregan tamén os dicionarios online da Real Academia Galega e Española.







Atopamos ademais unha avespas real no chan das escaleiras do colexio que empregamos para observar e contrastar algunha das informacións que imos recollendo.


3.6. Fase de posta en común

De forma periódica, fixemos o que chamamos “a reunión do proxecto”. Unha xuntanza de toda a clase, na que se reparten os formularios que conteñen a información recollida na fase de investigación. Cada grupo vai explicando ao resto da clase o que atopou e vaise tomando nota nun panel xeral. A medida que comeza a crecer o volume de información recollida comezan a aparecer outras informacións sobre os mesmos aspectos. Traballamos neste momento o “contraste das fontes” tan necesario para a elaboración dunha investigación rigorosa. Deste xeito, se a información contradí outras atopadas, chegamos á conclusión de que debemos seguir investigando sobre ese aspecto, mentres que si un aspecto se confirma en distintas fontes temos o que chamamos unha idea forza. Unha idea que queda contrastada e que gaña peso na nosa investigación como veraz. Exemplo:







3.7. Estudo dos monográficos de animais a nivel de contido

Volvemos de novo á biblioteca, nesta ocasión para buscar libros monográficos de distintas especies animais: cegoñas, xirafas, arañas... Avaliamos o seu contido, de que falan. Avaliamos tamén o tipo de imaxes, chegando á conclusión de que, ou se trata de fotografías, ou as imaxes son moi realistas (propiedade dos textos expositivos).





3.8. Procura de imaxes

En gran grupo buscamos imaxes apropiadas para as informacións das que dispoñemos. Tentamos sempre que sexan fotografías, ou no seu defecto, o máis realistas posible. Explicolles algo sobre as licenzas de propiedade intelectual e procuramos buscar imaxes libres de dereitos co engadido "cc search"





3.8. Categorización da información

Faise unha pequena explicación sobre que significa categorizar, fálase de conceptos incluídores ("caixóns") que engloban distintas informacións e propónselle que intenten facelo de xeito intuitivo. Neste caso traballan en pequeno grupo. O resultado da experiencia é moito mellor do agardado.





Nunha segunda fase, empregamos como conceptos incluídores, as categorías extraídas do estudo a nivel de contido dos monográficos de animais. Coloqueinos estratexicamente na lousa magnética, e en gran grupo, van lendo cada unha das informacións recollidas e, entre todos, deciden onde colocala. Este traballo obtén como resultado un gran mapa mental que contén toda a información recollida.

Colocamos tamén no mesmo, as imaxes atopadas na procura anterior. Deste xeito, o alumnado, que previamente traballou o mesmo de maneira intuitiva, corrobora ou pon en conflito as súas hipóteses previas, chegando a un nivel de razoamento moi superior.






3.9. Síntese da información

De novo en pequeno grupo, vanse facendo cargo de cada unha das categorías. Leron as informacións, ordenáronas e escribiron un pequeno texto no que intentaron cohesionalas.



Neste momento é precisa a creación dun panel informativo sobre a clasificación animal, xa que temos tres informacións que non son quen de ordenar: "as avespas pertencen ao grupo do artrópodos", "as avespas son invertebradas" e "as avespas son insectos".






3.10. Presentación en limpo da información. Uso do procesador de textos.

Acudimos á aula de informática para pasar os textos obtidos a ordenador. Para iso traballan co procesador de textos de software libre "Open Office".

3.11. Elaboración dun libro para uso social. Estudo dos monográficos de animais a nivel formal e toma de decisións sobre o noso produto

Volvemos a avaliar os monográficos, pero neste momento a nivel formal: portada, gardas, índices, títulos, subtítulos, tipo de imaxes, contraportada... A medida que imos vendo cada aspecto, imos decidindo como será o noso libro.



Son eu a que se encarga da fase de edición e maquetación.

O libro pode visionarse en

http://issuu.com/alicianimo/docs/libro_avespas/1

3.12. Avaliación do proceso, do proxecto e do alumnado

A avaliación é continua, a lévase a cabo a través da observación, tanto do traballo activo, como da súa interacción co mesmo e as súas producións. Ademais, unha vez finalizado o proxecto e de xeito informal, fíxose un vídeo-entrevista ao alumnado participante, no que queda patente tanto o aproveitamento a nivel contido, como o procesual. Tanto o alumnado participante, como eu como mestra, mostrámonos moi satisfeitos co traballo levado a cabo.

4. RECURSOS EMPREGADOS E DOCUMENTACIÓN ELABORADA

4.1. Espazos

Os espazos empregados foron a biblioteca, a aula de informática e a propia aula.

4.2. Bibliografía consultada



4.3. Webgrafía consultada

- <http://bioenciclopedia.com/avispa/>
- <https://es.wikipedia.org/wiki/Avispa>
- <http://www.nationalgeographic.es/animales/avispas>

4.4. Documentación elaborada

- Rexistro de investigación da información e a fonte de procedencia
- Panel de clasificación dos animais
- Mesa exposición das fontes bibliográficas do proxecto
- Paneis de recollida de informacións varias
- Presentación para a xustificación do proxecto ás familias na reunión do primeiro trimestre
<https://www.dropbox.com/s/4nmwfz178cfturz/proxecto%20AS%20AVESPAS.pdf?dl=0>
- Vídeo do proceso: <https://www.youtube.com/watch?v=HDQ4gW7ss6g&feature=youtu.be>
- Vídeo entrevista de avaliación ao alumnado: <https://www.youtube.com/watch?v=f-SmgYPZ9lc>
- Libro “AS AVESPAS”. Ed. FUCO.T.K: http://issuu.com/alicianimo/docs/libro_avespas/1



4. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DIFUSIÓN ENTRE A MESMA

Ao comezo do proxecto, os nenos e nenas redactaron unha nota pedindo a colaboración das súas familias coa aportación que puidesen facer ao tema. Recibimos dous libros de animais e axudaron aos pequenos a facer consultas na súa casa, aportando información que se axuntou á procura feita na aula para a súa posta en común. Ademais, presentóuselle o libro e o traballo realizado na reunión de pais e nais do primeiro trimestre. Foron os nenos e nenas os encargados de facelo, contándolle de xeito sinxelo cal foi o proceso levado a cabo.

Ademais o libro realizado pasa a formar parte da sección de materiais de elaboración propia do centro, a FUCO.T.K.

Aínda que se pensou en facer un blogue de aula para a difusión tanto de esta como de outras actividades, a escaseza de tempo, entre as tarefas de aula e as propias da coordinación da biblioteca, fíxoo imposible.

5. AVALIACIÓN

Como dicíamos con anterioridade, a avaliación é continua, a lévase a cabo a través da observación, tanto do traballo activo, como da súa interacción co mesmo e as súas producións. Para levar a cabo esa avaliación tivéronse en conta unha serie de indicadores de logro:

5.1. Indicadores de avaliación do alumnado

- Escoita e chega a acordos sobre a información a recoller
- Transforma a información recollida en estruturas léxicas sinxelas e comprensibles ao seu nivel
- É quen de gardar a súa quenda na posta en común
- Practica a escoita activa nas situacións que así o requiren
- Participa activamente nas situacións que así o requiren
- É quen de comunicar a información recollida
- Comprende a importancia de referenciar as fontes e de contrastalas
- Relaciona as novas informacións cos seus coñecementos previos
- Comprende e pon en práctica as propiedades máis relevantes do texto expositivo
- Relaciona de xeito correcto as imaxes coa información relacionada
- Reflexiona e saca conclusións
- Coñece algunhas seccións da biblioteca e o tipo de fondos que pode atopar nas mesmas
- Diferencia entre os fondos de ficción e os de consulta e a función que teñen
- Mostra autonomía no manexo das fontes documentais
- É quen de relatar información relativa ao tema de estudo
- É quen de extrapolar o aprendido a outros temas relacionados
- É quen de reproducir o proceso para outros temas de investigación

5.2. Indicadores de avaliación do proxecto

- O tema de estudo é motivador e responde aos intereses do alumnado
- O tema de estudo é relevante e responde ás esixencias do currículo
- As tarefas propostas responden aos obxectivos perseguidos
- As tarefas propostas son diversas, enriquecedoras e motivadoras
- É o resultado dun proceso de traballo compartido
- A temporalización axústase ao esperado e ao ritmo do alumnado
- Ofrece a oportunidade de traballar cooperativamente

5.3. Valoración do proxecto

A valoración xeral do proxecto é moi positiva, tanto pola miña parte como pola do alumnado. Estes sentíronse moi motivados en todo momento, aprenderon moito do tema de estudo, aprenderon moitos conceptos relacionados e extrapolables a outras temáticas e demostraron ademais, en distintas conversas, a capacidade para facelo. Implicáronse e evidenciaron o incremento de autonomía no tratamento das fontes ao longo do traballo executado. Ademais, e sobretudo, aprenderon moito do proceso. Posteriormente a este, e englobado no proxecto de centro, levouse a cabo no 2º e 3º trimestre deste mesmo curso, unha investigación sobre Marrocos e o Deserto do Sáhara que evidenciou de novo todo o que aprenderon ao longo deste proxecto do proceso, tanto na calidade e rigorosidade do seu traballo, como na rapidez coa que o abordaba.

Como mestra debo dicir que para min tamén resultou moi motivador e enriquecedor traballar deste xeito.

6. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

A biblioteca escolar ten un gran peso específico no noso centro. Se a iso lle sumamos a posta en marcha de metodoloxías activas que prescinden do libro de texto tradicional a favor do emprego de libros de consulta, convertemos a biblioteca no noso centro neuráxico. Proporcionounos practicamente todos os fondos bibliográficos consultados. Tanto os que tiñan que ver directamente coas avespas, ou máis ben cos insectos, como os monográficos sobre outras especies consultados a nivel de estrutura e formato. Iso implicou, un incremento de autonomía do alumnado con respecto á mesma, ao facelos conscientes do potencial da mesma para o seu desenvolvemento diario. Ademais, seguiron familiarizándose coa sinalización e localización dos fondos na biblioteca, proceso comezado xa en infantil, e propiciou a formación do alumnado no manexo das fontes documentais e no tratamento da información.

Pero o máis satisfactorio foi poder devolverlle á biblioteca todo o que nos aporta, ao doar á mesma a nosa creación, o noso libro “AS AVESPAS”, que hoxe en día forma parte da FUCO.T.K.

Alicia Nimo Liboreiro

Titara de 1º e 2º de Primaria

Curso 2014-15

CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña